



# ATOPAR PENTAMINÓS E FACER PUZLES

## DATOS BÁSICOS

Autores:	Juan Sánchez
Tipo: (Vivencial, manipulativa, gráfica, simbólica)	Manipulativa e gráfica
Cursos destinatarios:	De 3º a 6º. Dificultade gradual
Lugar: (Aula, patio...)	Aula

## IMAXES



## FUNDAMENTOS CURRICULARES

Bloque:	Xeometría
Tema:	Polígonos, topoloxía, área, perímetros, lóxica
Estándares:	


## RECURSOS

Materiais:	Ficha cuadrículada, cores, pentaminós de goma EVA, cartolina ou madeira, tesoiras (opcional)
Enlaces e recursos TIC:	<a href="http://pentomino.classy.be/beesten2e.html">http://pentomino.classy.be/beesten2e.html</a>
Bibliografía:	

## DESCRIPCIÓN DETALLADA


1. Breve introdución aos poliminós e pentaminós (pizarra, video...). Ver apuntes ao final.
2. O alumnado debe descubrir todas as combinacións posibles de cinco cadrados unidos por un lado que forman os pentaminós. Son 12 diferentes sen contar xiros e simetrías. Para isto, sobre a plantilla cadrículada, irán sombreando cadradiños que formen pentaminós. Observar a forma de organizar o traballo para non perderse.
3. Unha vez descubertos, posta en común.
4. Como continuación da actividade o obxectivo será formar as figuras propostas nas follas do final a modo de puzle. En función da idade, poderá ser coas solucións en cores ou coas figuras de sombra. No primeiro caso será copiar a diferente escala, incluso coas cores diferentes, onde prevalece a forma e no segundo caso, ademais, require a abstracción de imaxinar as pezas compoñentes. Para esta parte, poden usarse as propias pezas recortadas da primeira parte da actividade ou outras de cartolina, madeira, etc.

*Atopa todos os Pentaminós diferentes posibles (colorea).*




# PENTAMINÓS


Un **poliminó** ou **poliominó** é un obxecto xeométrico obtido ao unir varios cadrados do mesmo tamaño de forma que cada par de cadrados veciños compartan un lado. Son un caso especial de poliformas.







Un **pentaminó** ou **pentominó** (do grego, pente), é un poliminó de cinco cadrados unidos polos seus lados. Existen doce pentominós diferentes, que se nomean con diferentes letras do abecedario. Os pentominós obtidos a partir destes doce por simetría axial ou por rotación non se contan como diferentes. A continuación móstranse as 12 figuras diferentes.







Intenta componer alguna destas figuras usando Pentaminós. 1














Intenta componer alguna destas figuras usando Pentaminós. 2



# SOLUCIONES ÁS FIGURAS CON PENTAMINÓS 1







## SOLUCIONES ÁS FIGURAS CON PENTAMINÓS 2

